

NORMATIVA E RECOMENDACIÓNS PARA A VISITA

Cada ano pasan por esta illa miles de persoas, así que cada actuación individual multiplícase por miles. Por iso é tan importante que teñas en conta esta normativa:

No caso de
emergencia:



Leva o teu lixo de volta.
Na illa non hai colectores de lixo.
Apaga ben as cabichas
e lévaas contigo.



Non molestes nin alimentos aos animais.
Tampouco arrinques das rochas os
mexillóns, lapas, caramuxos...




Non arrinques flores ou froitos.
Son necesarios para o desenvolvemento das plantas e para a alimentación de moitos animais.



Usa só os camiños sinalizados.
Non accedas ás dunas nin aos cantís.
A túa seguridade e a conservación
de moitas especies dependen diso.



Non está permitido acender lume.



Non se permite acampar.



**Non se permite o voo de drons
nin papaventos.**



Non leves as cunchas das praias
nin ningún outro elemento natural.



Non fagas ruídos que alteren
a tranquilidade do lugar.



**A pesca deportiva
está prohibida.**



Non introducir animais
(agás cans guía). As mascotas
poden causar danos aos animais
e plantas silvestres.



Precisas **permiso** para navegar,
fondear ou practicar mergullo:
www.iatlanticas.es.

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

GL



ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA

SABÍAS QUE...?

...o Faro de Sálvora estivo habitado polos fareiros ata o ano 2018?

A súa pesada óptica amplifica a luz da lámpada e xira sobre unha enorme cuba de mercurio que diminúe o rozamento e faina xirar con menor esforzo.

...nestas augas tivo lugar o trágico naufraxio do vapor Santa Isabel en 1921, onde morreron 213 persoas? Catro mulleres novas que vivían na aldea acudiron en dorna a colaborar no salvamento e foron condecoradas posteriormente cunha medalla da Orde Civil da Beneficencia.

OFICINA DO PARQUE NACIONAL:
R/ Oliva 3, 2º, 36202, Vigo / T. 886218090

CENTRO DE VISITANTES:
R/ Palma 4,36202, Vigo/ T. 886218082

iatlanticas@xunta.gal / www.illasatlanticas.gal/gl
[www.facebook.com/ IlasAtlanticasGalicia](https://www.facebook.com/IlasAtlanticasGalicia)
www.instagram.com/pnillasatlanticasgalicia/

Dálle unha nova vida ao teu folleto. Devólveo na caseta de información

XUNTA
DE GALICIA



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Diseño e ilustración: Reme Ortega - www.remeortega.com - @remeortega

UN PARQUE NACIONAL OCULTO BAIXO AS AUGAS

Este é un espazo protexido moi singular xa que a maior parte da súa superficie é mar. As illas de Cíes, Ons e Sálvora emerxen creando unha barreira natural que protexe ás Rías Baixas da dureza do océano, mentres que Cortegada resgárdase dentro da ría.



Límites do Parque Nacional. Superficie total: 8.480 ha.

DIFERENTES PAISAXES QUE COÑECER NA ILLA:

NA FRANXA COSTEIRA,
onde a influencia do mar
é directa, atopamos praias
e dunas, e zonas con
rochedos.



Poza intermareal

Nos rochedos próximos da franxa intermareal
podes observar caranguexos, lapas, etc.



Linaria arenaria

Sobre a area crecen
dúas diminutas
plantas que están en
perigo de extinción,
aínda que abundantes
en Sálvora; son os
paxariños *Linaria
arenaria* e a herba da
agulla *Erodium
maritimum*.

A herba de namorar,
que normalmente crece
nas rochas, atopámola
aquí nas dunas.



NA ZONA INTERIOR de Sálvora podemos observar grandes bolos
graníticos, de formas curiosas e recubertos de líques como o alaranxado
Xanthoria parietina.

A gaivota patiamarela e a gaivota escura
fan os niños nestas pedras ou nas zonas
herbáceas entre elas. Procura non achegarte
para non molestalas.



Gaivota patiamarela




Gaivota escura



Pintafontes común

E nas zonas máis chairas onde se
acumula a auga, fórmanse as charcas,
imprescindibles para o desenvolvemento
dos anfibios da illa, como o
pintafontes e o sapo pinto.

Noutras zonas do interior a matogueira é a vexetación dominante.
Aquí as espiñas dos abruñeiros e toxos crean refuxios para os coellos
e os lagartos arnais.



Toxo (*Ulex europaeus
latebracteatus*)



Lagarto arnal



Abruñeiro con froitos

O lagarto máis grande
de Europa occidental.



ROUTE MAP SYMBOLS

- Ruta do Faro
- Ruta da Aldea (só con guía acreditado/a)
- 03
- Porto/ Zona de evacuación
- Recomendado para snorkel (non afastarse da costa)
- Alto do Milreu: Acceso non permitido do 1/4 ó 31/8 por cría de aves



FARO DE SÁLVORA

O faro actual foi construído en 1921 tras o trágico naufraxio do vapor Santa Isabel. Aínda que o recinto do faro está pechado ao público, podes admiralo dende o sendeiríño que sae á dereita do portal.

CON DE LAPEGAR

PUNTA
BESUQUEIROS

PUNTA
PIRULA



OS BOLOS

Observa as formas dos bolos: son as grandes pedras graníticas que a través da erosión de miles de anos presentan formas que espertan a nosa imaxinación.



RUÍNAS DA ALDEA

As ruínas da aldea son as pegadas dunha comunidade que se instalou na illa no S.XIX. Mantívose ata os anos 60 cuns 70 veciños que se ocupaban das terras dos Mariño, ós que tiñan que pagarlle coa metade da colleita e do gando.

Pódense apreciar tamén os restos dunha segunda ocupación dos anos 70 do s. XX. No ano 2016 fíxose unha actuación para recuperar algunhas vivendas e consolidar o resto das edificacións. Para visitar a aldea tes que ir con guía acreditado/a ou con persoal do Parque.



ILLAS SAGRES



ILLOTES

Os illotes que rodean Sálvora son parte das zonas de reserva que acollen a súa gran riqueza biolóxica. No illote de Noro contan que ía descansar a Santa Compañía durante a fin de semana.



O PAZO E A SEREA

O Pazo e a Serea foron construídos no s. XX pola familia Goián, descendentes da estirpe dos Mariño, propietarios da illa dende a Idade Media ata o ano 2007. O Pazo fíxose sobre un antigo almacén de salga do s.XVIII, onde aínda se poden ver os restos da antiga salgadura. Conta a lenda que o primeiro dos Mariño naceu do amor entre unha serea e un cabaleiro.

ILLA
INSUA BELA

ILLA
PEDRA BELA



CABALOS PASTANDO

Na illa é frecuente ver os cabalos pastando, recordo do pasado gandeiro de Sálvora.


PUNTA DA VOLTA

PUNTA
DE
LAGOS

PUNTA
DE ZAFRA

PUNTA DOS BOIS

Podes somerxerte nas augas da praia do Almacén e coa axuda dunhas gafas de mergullo observarás a vida mariña. Fíxate tamén como moitas especies viven pegadas ás rochas próximas á praia. Non molestes nin alimentos aos animais, nin tampouco arrinques nada das pedras. Para empregar cinto de chumbos lembra que precisas un permiso do Parque.



PRAIA DO ALMACÉN

PUNTA
DO MUIÑO

PRAIA DO ALMACÉN

PUNTA
DO CASTELO

ILLA GAIVOTEIRA

ILLA HERBOSA

ILLA DE VIONTA

ILLA NORO

CABECEIRO CHICO

CABECEIRO GRANDE



RUTAS NO ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA

Os camiños das rutas están indicados coa mesma cor que no mapa. Antes de empezar a camiñar, **dálle a volta ó folleto** e asegúrate de coñecer a **normativa**.

CONSELLOS PARA O CAMIÑO

- Leva agua.
- Usa crema solar, gorra e calzado deportivo



+INFO

Consulta as rutas na web do Parque.



RUTA DO FARO

Distancia dende o peirao ó faro: 1,2 km
Duración: 30 min (só ida) / **Dificultade:** baixa

O camiño entre o peirao e o faro percorre a zona sur da illa, entre grandes pedras graníticas chamadas bolos. Esta ruta está salpicada de lendas. Varios carteis informativos irán descubrindo por que hai unha serea na praia do Almacén, entre que rochas se agocha a Santa Compañía e a historia dun naufraxio ó pé do faro. O edificio do faro poderémolo admirar dende fóra do recinto. Regresaremos ó peirao polo mesmo camiño.

RUTA DA ALDEA

Distancia dende o peirao á aldea: 1,7 km
Duración: 40 min (só ida) / **Dificultade:** baixa

Polo camiño á antiga aldea de Sálvora só poderemos ir se nos acompañan guías con autorización.

Neste percorrido pasarás pola fonte da Telleira, á que lle da nome unha antiga fábrica de tellas da que só quedan as ruínas. Antes de chegar á aldea observa o gran lavadouro de pedra, onde as mulleres lavaban a roupa. E xa na aldea, fíxate na curiosa disposición das casas rodeando un espazo central común e cos hórreos tras delas.